



# Pacto Social por unha Coruña libre de violencias machistas

.....

**O PACTO SOCIAL** é unha iniciativa do Concello da Coruña consistente nun proceso participativo e de dinamización cidadá, a través do que impulsar un compromiso consensuado coa cidadanía para traballar conxuntamente nunha estratexia de intervención fronte ás violencias machistas, para a procura dun modelo de convivencia máis igualitario e xusto.



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña

## CALES SON OS OBXECTIVOS DO PACTO SOCIAL ?

- ▶ Facer da Coruña un referente como espazo libre de violencias machistas.
- ▶ Expresar de maneira clara e colectiva o noso rexeitamento a calquera forma de violencia machista.
- ▶ Implicar a axentes, organizacións, asociacións e persoas a título individual na consecución das medidas establecidas mediante o Pacto Social.
- ▶ Conseguir que todos os espazos de ocio sexan espazos seguros e libres de abusos e agresións sexistas.
- ▶ Potenciar aqueles espazos comprometidos coa seguridade e o rexeitamento de todo tipo de violencias.

## A QUEN SE DIRIXE ?

O Pacto Social diríxese **a toda a cidadanía**, a aquelas persoas a título individual que queiran sumarse e comprometerse no rexeitamento das violencias machistas, a través da realización de accións que faciliten o impulso do Pacto Social (como por exemplo, participando no Curso básico de igualdade e prevención das violencias machistas, en actividades de divulgación do Pacto Social e das súas ferramentas, en grupos de traballo, en roteiros nocturnos, etc.). Pero ademais das persoas a título individual, **priorízanse os seguintes ámbitos:**

- **Hostalería e ocio nocturno**, espazos que implican afluencia de público;
- **Medios de comunicación**, espazos que implican unha importante responsabilidade social na comunicación libre de estereotipos, concienciando e previndo comportamentos indesexados;
- **Entidades do tecido social** da cidade, espazos que desenvolven un importante papel coa cidadanía.

## A QUE TE COMPROMETES ? ADHERÍNDOTE

**1** **A tomar conciencia sobre o fenómeno das violencias machistas** e as formas que pode adoptar. Para isto, tes á túa disposición o CURSO BÁSICO DE IGUALDADE E PREVENCIÓN DAS VIOLENCIAS MACHISTAS. Ten unha duración de 4 horas e está dispoñible en modalidade online e presencial. Moi recomendable se precisas adquirir coñecementos básicos.

**2** **A visibilizar o rexeitamento das violencias machistas.** Ao adherirte recibirás un DISTINTIVO DE ADHESIÓN AO PACTO SOCIAL en formato adhesivo para que o coloques nun lugar visible do establecemento (nun lugar interior ou exterior).

**3** **A identificar situacións, actitudes e formas** nas que se expresan as violencias machistas no teu ámbito, **e actuar ante elas.** Tamén tes a túa disposición un CURSO ESPECÍFICO DE INTERVENCIÓN FRONTE AS VIOLENCIAS MACHISTAS. Ao igual que o curso básico, terá unha duración de 4 horas e estará dispoñible en modalidade online e presencial.

**4** **A poñer en marcha varias accións** para avanzar na consecución dos obxectivos deste Pacto Social e previr as violencias machistas. Para isto, terás que ELABORAR UNHA “FOLLA DE RUTA” ADAPTADA ÁS CARACTERÍSTICAS DO TEU ESTABLECEMENTO, EMPRESA OU ASOCIACIÓN, na que se recollan algunhas accións concretas que te comprometes a poñer en marcha para que o teu espazo sexa seguro e libre de violencias machistas. Podes solicitar **asesoramento** ao equipo técnico do Pacto Social, axudarémoste e acompañarémoste na súa elaboración e posta en marcha. Cando fagas o curso específico do teu ámbito, verás que elaborar a folla é sinxelo e non require moita dedicación de tempo. Ti decides o tipo de accións que che interesan realizar.

Se completas estes pasos, e pos en marcha un mínimo de accións contempladas na túa folla de ruta (como por exemplo, revisar se se fai un uso sexista da linguaxe, participar no curso específico, ou mobilizar a participación no curso específico entre o resto do persoal, etc.), **recibirás un recoñecemento de Espazo Libre de**

**Violencias Machistas**, que dará conta do traballo realizado e o compromiso asumido a favor da igualdade e o rexeitamento das violencias machistas. Así mesmo, a todas as empresas e entidades que vos adherades, darásevos visibilidade nunha **cartografía** para destacarvos e posicionarvos como referentes na cidade polo voso traballo na consecución dunha cidade libre de violencias.

## A TÚA ADHESIÓN É IMPORTANTE

As violencias machistas son un problema que afecta a toda a sociedade. Necesitamos a túa implicación para cambiar esta realidade.

### COA TÚA ADHESIÓN...

- > **Contribuirás a favorecer unha maior igualdade.** Isto constitúe un dereito humano fundamental.
- > **Promoverás a reducir os custes sociais e económicos** xerados pola discriminación por razón de sexo, xénero e orientación sexual. Segundo os datos oficiais, entre os anos 2010 e 2020, 600 mulleres foron asasinadas a mans das súas parellas ou ex-parellas en España. Estímase que no ano 2016 a violencia de xénero supuxo un custe do 0,11% do PIB de España.
- > **Contribuirás a sensibilizar e concienciar á poboación sobre** esta problemática. Canto maior sexa o noso coñecemento sobre os diversos tipos de violencias machistas, máis sinxelo nos resultará a súa detección.
- > **Mellorarás a confianza e a imaxe da túa empresa ou da entidade.** Estar nun espazo e entorno seguro, no que se promove un trato respectuoso e afectivo entre as persoas, xera confianza e as persoas participan e implícanse máis.

Coa túa adhesión **serás un exemplo real de que é posible promover cambios** desde cada local, establecemento, empresa... incentivando a outras a unirse, **facendo da Coruña unha cidade libre de violencias machistas.**

**ADHÍRETE AQUÍ**

